



A paisaxe galega, e o tempo que nela se rexistra cambiará nos anos próximos ata o punto de que pode converterse nunha zona predominantemente mediterránea

Francisco Díaz-Fierros, reputado catedrático de Edafoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, advirte dos efectos que sufrirá a nosa comunidade se non se reducen as emisións de gases de efecto invernadoiro. "Nós non o veremos, pero os nosos fillos si", afirma

GALICIA, ¿ZONA MEDITERRÁNEA CON ENCLAVES ATLÁNTICOS?

fe • Santiago

O catedrático de Edafoloxía da USC Francisco Díaz-Fierros afirma que, de non reducirse as emisións de gases de efecto invernadoiro, a comunidade galega podería pasar, de ser unha zona atlántica con enclaves mediterráneos, a ser unha

parecería, a final de século, á que se atopa entre o río Douro e Beira Alta portuguesa e "baixaríamos uns cantos graos", sobre todo no que se refire Galicia do interior, Lugo e Ourense, xa que na costa "hai unha homoxeneidade bastante grande do océano e non é fácil buscar ese paralelismo".

Díaz-Fierros é todo un experto

resultados non se coñecerán ata final de ano.

Este informe recollerá, entre outros, os datos fenolóxicos, como a chegada das andoriñas, a floración da amendoeira ou o calendario do viño, que en Galicia están recollidos polo Instituto Nacional de Meteoroloxía desde 1945, aínda que os últimos 30 anos non se publicaron, e serán "moi importantes", pois noutros países, como Portugal, xa constataron variacións de ata quince días ou un mes.

O especialista apuntou que as predicións do cambio son máis fráxiles (en máis dun 90 por cento) nas temperaturas que nas precipitacións (arredor do 60 por cento), ademais o país veciño é unha boa referencia, porque levan vantaxe nos estudos e ten moitas similitudes con Galicia, xa constataron tamén un incremento da seca de inverno. Pregun-

tado polo carácter irreversible dos cambios xa producidos. Francisco

ción irá a peor", aínda que se limitasen as emisións ós niveis neces-

UN ESTUDO DA USC ANALIZA A CHEGADA DE ANDORIÑAS, A FLORACIÓN DA AMENDOEIRA OU O CALENDARIO DO VIÑO, ENTRE OUTROS

Díaz-Fierros comentou que, se iso significa que imos conseguir que baixe a temperatura, "vai ser case imposible", aínda que agregou que "o ser humano, e ata os ecosistemas, posúen unha certa plasticidade, e as remudas terían que ser probablemente máis importantes para que se chegase ó que podemos chamar punto de non retorno".

No entanto, o experto recorda que existe unha "inercia", polo que "a medio prazo, nós non o veremos, pero os nosos fillos si, a situa-

rios para non incrementar o efecto invernadoiro.

No caso de Galicia, a desertización —sempre segundo a análise realizada por Díaz-Fierros— non será climática, senón "edáfica", polo proceso de perda de solo e a aparición de rocha, que "é inhábil para a vida", que virá determinada en gran medida pola incidencia dos incendios forestais e "todas as predicións indican que as condicións meteorolóxicas que os fan máis factibles irán a peor".

A PAISAXE GALEGA PODE PARECERSE Á QUE SE ATOPA ENTRE O RÍO DOURO E A BEIRA ALTA PORTUGUESA XA A FINAL DE SÉCULO

zona mediterránea con enclaves atlánticos.

Nunha entrevista concedida á Axencia Efe, o profesor da Universidade de Santiago de Compostela explicou que a paisaxe galega se

neste eido de investigación dado o seu labor como coordinador dunha das partes do estudo que desenvolve a Consellería de Medio Ambiente sobre *Evidencias e impactos do cambio climático en Galicia*, cuxos